



**ANEXO IV**  
(Orde do 17 de marzo de 2009)

**FICHA TÉCNICA DA ACTIVIDADE**

<b>Tipo de actividade:</b> <input type="checkbox"/> INCORPORACIÓN Á EMPRESA AGRARIA <input type="checkbox"/> APLICADOR-MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS <input type="checkbox"/> ENSINANZAS DE ACTUALIZACIÓN E PERFECCIONAMENTO PROFESIONAL <input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DE EXPERIMENTACIÓN, ENSAIO E TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA
<b>Título:</b>
<b>Obxectivos:</b>
<b>Colectivo ao que vai dirixida a actividade:</b>
<b>Material e medios a utilizar:</b>
<b>Avaliación a seguir:</b>
<b>Resumo do programa:</b>





### ANEXO VIII

(Orde do 17 de marzo de 2009)

#### FOLLAS DE ASISTENCIA

Curso \_\_\_\_\_, desenvolvido en \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_, cunha duración de \_\_\_\_ horas, entidade beneficiaria \_\_\_\_\_ organiza \_\_\_\_\_.

Día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Temas impartidos \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_.

Monitores \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_.

Nº	APELIDOS E NOME DE ALUMNOS (Por orde alfabético)	SINATURA INICIO DE ACTIVIDADE	SINATURA FINAL DE ACTIVIDADE
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			





16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O coordinador

O profesor

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_





## ANEXO IX

### DOCUMENTO ACREDITATIVO DA REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE

#### ADMINISTRATIVA DOS/AS ASISTENTES AS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUA

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ coordinador/a do curso \_\_\_\_\_  
impartido en \_\_\_\_\_ o día \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_, actuando en representación de \_\_\_\_\_.

Nº	APELIDOS (Por orde alfabético)	NOME	DNI/NIF	SINATURA
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				

SOLICITA, no seu nome, ante a Axencia Galega da Calidade Alimentaria a expedición das certificacións de competencia segundo a Orde

De conformidade asina en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O Coordinador/a:

Asdo.: \_\_\_\_\_

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA





## **INSTRUCCIÓNS SFAF Nº 1/2021: Presentación da comunicación previa ao inicio dos cursos, de entidades homologadas para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria, autorizados para o ano 2021.**

### **ANTECEDENTES**

Esta instrución recolle os pasos que deben seguir as entidades de formación homologadas para realizar cursos durante o ano 2021 de cara a presentar correctamente a comunicación previa ao inicio de cada acción formativa, a documentación necesaria para a expedición dos carnés, certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración Pública e, igualmente, persigue axilizar a dita tramitación, aclarando qué documentos é necesario aportar e a forma de facelo.

Coa dita finalidade, dítase as seguintes

### **INSTRUCCIÓNS**

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

*A Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública (DOG nº 60, 27 de marzo de 2009), nos artigos 5 e 6, indica cales son os requisitos e o procedemento a seguir para que unha entidade de formación poida obter a consideración de colaboradora nos programas de formación continua e transferencia tecnolóxica da Consellería do Medio Rural. No seu artigo 11, sinala o procedemento de homologación dos cursos de formación que impartan as entidades colaboradoras autorizadas.*

*A Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios (DOG nº77, 22 de abril de 2009), indica nos seus artigos 5 e 6, que as entidades interesadas en impartir cursos de manipulador - aplicador de produtos fitosanitarios, deben estar inscritas no Rexistro de Entidades Colaboradoras da Consellería do Medio Rural en materia de capacitación agraria e transferencia tecnolóxica e solicitar a autorización de cada curso seguindo o procedemento indicado nos artigos 11º a 13º da orde da Consellería do Medio Rural do 17 de marzo de 2009.*





O Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios (BOE nº 223, 15 de setembro de 2012), no artigo 19.1.c) establece que o órgano competente da Comunidade Autónoma poderá habilitar un sistema de formación non presencial vía Internet, que permita adquirir os coñecementos requiridos, especialmente para a formación de nivel básico, así mesmo, para a actualización dos coñecementos sobre normativa para tódolos niveis e tipos de formación establecidos no artigo 18 do Real Decreto.

Decreto 52/2018, de 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG de 30 de maio de 2018).

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Lugar, datas e forma de presentación da Comunicación do inicio de curso**

As entidades colaboradoras que foron autorizadas para impartir cursos no ano 2021, deben comunicar á Axencia Galega da Calidade Alimentaria o inicio de cada unha das accións formativas do programa que presentaron.

Dita comunicación debe dirixirse ao Departamento de Formación, pertencente á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e presentarse no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, segundo o artigo nº14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A comunicación do inicio do curso debe ser recibida, como mínimo, 10 días hábiles antes do comezo da actividade.

### **SEGUNDA.- Contido da comunicación previa ao inicio do curso**

A comunicación do inicio de curso debe conter os seguintes datos:

- Nome da entidade.
- Nº de expediente da resolución de autorización para impartir cursos durante o ano 2021.
- Plantilla que se achega xunto coa resolución de autorización anual . O número mínimo de alumnos por curso é de 10 e o máximo é de 30 alumnos por curso.
- Datas e horario do curso, indicando cales son clases teóricas e cales prácticas. No caso de cursos de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios deberase indicar días e horario das clases teóricas, das clases prácticas en aula e das clases de prácticas de campo.
- Lugar onde se desenvolverán as clases teóricas e prácticas.
- Cadro de profesorado que impartirá a acción formativa, especificando as materias que corresponden a cada un deles.





- Posibles variacións do cadro de profesorado, lugar, data ou horario do curso, que se produzan con respecto á planificación autorizada para o ano 2021.
- Dirección de correo electrónico para o envío do informe que resulte desta comunicación.

### **TERCEIRA.- Documentación que debe acompañar á comunicación previa ao inicio do curso**

Xunto á comunicación previa ao inicio do curso deberá enviarse a seguinte documentación:

1. Copia cotexada da póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades. Debera presentarse nos seguintes casos: se non foi achegada anteriormente, se foi renovada ou si a acción formativa se realiza en instalacións diferentes ás habituais.
2. Copia cotexada da póliza de seguros de responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e do alumnado. Deberán presentala si non se achegou anteriormente. Debe asegurar aos alumnos e aos profesores, tanto para o desenvolvemento das clases teóricas como das prácticas.
3. *Curriculum vitae* e copia compulsada da titulación académica do profesorado que imparte o curso, no caso de non telos presentado con anterioridade ou si existe un cambio de docente.

As titulacións válidas para impartir as diferentes materias do programa formativo son as que están recollidas no "*Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios*" publicado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA).

4. No caso de que a parte teórica ou práctica do curso se desenvolva nunhas instalacións diferentes ás indicadas na solicitude de autorización do curso, deberán acreditar a dispoñibilidade das mesmas. Neste caso, ademais deberán presentar unha memoria na que se describan estas instalacións, que deben contar cos medios e equipamentos que describe o documento do MAPAMA citado no punto anterior.
5. Programa que se vai impartir, especificando o contido de cada unidade didáctica, tipo e duración de cada módulo, acompañado da ficha da ficha técnica da actividade formativa segundo anexo IV
6. Informe favorable sobre a avaliación dos requisitos necesarios para a impartición de formación a través do sistema non presencial (só no caso de formación semi-presencial)





#### CUARTA.- Informe do Departamento de Formación

Si a comunicación previa ao inicio do curso foi presentada en tempo e forma, o Departamento de Formación responderá á entidade cun informe que enviará por correo electrónico ao enderezo proporcionado para este fin.

O informe fará constar que a entidade presentou a comunicación de inicio e que aportou a documentación necesaria para poder iniciar a acción formativa. Tamén indicará o código de curso que lle corresponde.

Este informe é necesario para poder realizar a proba de avaliación, a data e hora de dita proba sera fixada polo Departamento de formación da AGACAL debendo entregarse unha copia do mesmo ao representante da Consellería do Medio Rural o día do exame, xunto cos partes de asistencia dos alumnos ao curso . No caso de cursos de manipulador aplicador de produtos fitosanitarios os alumnos deberan presentar o modelo de pago da taxa para poder presentarse o exame.

#### QUINTA.- Documentación a presentar para a emisión dos carnés, certificacións e diplomas oficiais.

Para a emisión dos carnés, certificacións e diplomas oficiais, deberase presentar a seguinte documentación:

- Anexo IX
- Anexos VIII, follas de asistencia e avaliacións.
- Certificación do coordinador da acción relativa á veracidade dos datos consignados na folla-resumo de asistencia.
- Fotocopias dos DNI's dos alumnos que superaron o curso e fichas de inscrición.
- Exames finais
- Certificación do rexistro dos contactos cos alumnos que xeren as distintas ferramentas, especialmente os foros, no que se evidencie o grao e forma de participación así como sobre o **rexistro de horas** que cada alumno estivo conectado traballando cos diferentes contidos da plataforma.(Só no caso dos cursos semi-presenciais)

Santiago de Compostela,  
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria  
Asinado dixitalmente  
José Luis Cabarcos Corral

